



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

Anuncio

Na Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo de data 3 de xullo de 2020, acordouse aprobar e publicar no B.O.P de Lugo as bases reguladoras da convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Para dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das mesmas.

BASES DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE” E “ E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2020

A Deputación de Lugo, no marco das competencias conferidas pola normativa aplicable de réxime local e pola normativa sectorial reguladora da actividade turística na Comunidade autónoma galega, desenvolve, entre outras, actuacións que teñen como finalidade a promoción do turismo no ámbito provincial.

No contexto destas accións, a finalidade das presentes bases é a creación de recoñecementos honoríficos na procura dunha posta en valor de actividades e proxectos sobranceiros no eido do turismo e da gastronomía como actividades socioeconómicas e culturais fundamentais para a identidade da provincia.

O Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020 recolle na súa Liña Estratéxica 2 e, concretamente, no marco das actuacións 2.1 e 2.4, a creación dos premios provinciais da gastronomía lucense e dos premios provinciais ás mellores iniciativas turísticas do ano. Con estas accións, a Deputación pretende recoñecer o esforzo dos e das axentes implicados e implicadas no desenvolvemento dun sector estratéxico para a economía e a sociedade da provincia.

Por todo o anteriormente exposto, establécense as seguintes disposicións:

Primeira: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Estes distintivos teñen por misión recoñecer, publicamente a dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades, os méritos polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística provincial, a traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e/ou exemplares que teñan unha repercusión positiva no ámbito do turismo ou da gastronomía lucense.

Segunda: Natureza

Os premios Lugo “Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” terán carácter honorífico, sen que a súa concesión supoña a adquisición de dereito económico ningún por parte das entidades ou persoas galardoadas.

O premio consistirá nun diploma acreditativo e nun agasallo de carácter simbólico, que nesta anualidade será unha peza de artesanía tradicional da provincia de Lugo.

Terceira: Periodicidade

Os premios obxecto destas bases convocaranse con carácter anual e serán entregados en acto público o 27 de setembro, Día Mundial do Turismo.

Cuarta: Candidaturas

Poderán optar aos premios as persoas físicas ou xurídicas, a título individual ou colectivo, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das modalidades establecidas nestas bases e cuxa actuación teña ou tivese unha repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica de actuación dentro do territorio lucense.

Quinta: Modalidades

A teor das accións recollidas na Liña Estratéxica 2 e, concretamente no marco das actuacións 2.1 e 2.4 establecidas no Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020, recoñécense dúas modalidades nas que poderán presentarse candidaturas aos premios obxecto destas bases:

MODALIDADE A: Premios “LUGO CAMBIA ao turismo lucense”

Esta modalidade recoñecerá:

- A dedicación e traxectoria profesional exemplar de profesionais, colectivos, institucións ou empresas turísticas.
- O desenvolvemento de accións innovadoras en materia de creación de produtos turísticos singulares, novos ou de éxito.
- O desenvolvemento de accións de promoción innovadoras.

O traballo en prol da calidade turística

- A creación ou posta a disposición de ferramentas TIC que repercutan positivamente na experiencia das persoas visitantes e/ou na xestión das empresas turísticas.

- O desenvolvemento de iniciativas ligadas ao turismo sostible ou responsable.

- O desenvolvemento de actuacións que contribúan á accesibilidade, física e/ou intelectual, aos recursos e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo.

- Accións en materia de recuperación de bens do patrimonio cultural ou natural e accións de embelecemento da paisaxe ou do medio rural ou urbano que teñan repercusión no desenvolvemento turístico do territorio.

- Traballo de investigación turística e/ou publicacións científicas ou xornalísticas, en formato papel ou dixital, que baseen a súa temática nos recursos, empresas e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo e que acheguen datos ou conclusións vixentes no momento da proposta da candidatura.

O labor que desenvolvan persoas físicas en calidade de embaixadoras da provincia de Lugo.

MODALIDADE B: Premios “...E PARA COMER, LUGO á gastronomía lucense”

Esta modalidade recoñecerá:

- O labor impulsado por asociacións produtoras, empresas de restauración, consellos reguladores ou outras entidades para a promoción dos produtos autóctonos lucenses.

- Os traballos de investigación ou publicacións científicas ou xornalísticas, en medios escritos ou dixitais, baseados na divulgación dos produtos locais, na recuperación de receitas, usos ou costumes tradicionais ligados á gastronomía lucense e na proposta de accións que exploren novas fórmulas para a combinación de tradición e vangarda na preparación dos produtos gastronómicos autóctonos. Os datos e conclusións que se acheguen nestes estudos ou publicacións deberán revestir, segundo o criterio do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, carácter de actualidade na súa temática.

- As accións formativas dirixidas a profesionais da gastronomía e baseadas no uso de produtos locais.

- As accións de promoción e fomento do consumo de produtos autóctonos por parte de empresas de restauración, profesionais independentes, entidades e colectivos públicos ou privados.

- O traballo ou traxectoria exemplar de profesionais, colectivos ou empresas de hostalería.

Sexta: Presentación de candidaturas

1. As persoas físicas ou xurídicas, a título individual ou colectivo, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das modalidades establecidas nestas bases e desenvolvan ou teñan desenvolvido a totalidade da súa actividade, ou unha parte significativa dela, na provincia de Lugo, poderán presentar a súa candidatura aos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” cubrindo os modelos de documentos que figuran nos anexos e achegando unha memoria cuxa extensión non supere as 10 páxinas, incluíndo a portada e excluindo anexos, na que exporán os méritos cos que concorrán á candidatura.

Só poderá presentarse candidatura baixo unha das dúas modalidades contempladas nestas bases.

2. As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e serán presentadas a través da sede electrónica nun prazo de corenta e cinco naturais a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Das candidaturas presentadas, se as houbese, darase conta ao Consello Provincial de Turismo, que actuará como xurado dos premios, sendo convocado en sesión extraordinaria. En dita sesión realizarase o estudo e análise das candidaturas presentadas. Esta sesión extraordinaria terá carácter reservado co fin de que as deliberacións ou acordos adoptados non afecten á intimidade dos ou das que presentasen candidatura aos premios. O quórum

para poder celebrarse esta sesión requirirá da presenza, como mínimo, da Presidencia, da Secretaría e dun terzo dos restantes vogais.

3. O Consello poderá acordar a celebración de tantas sesións extraordinarias como sexan necesarias ata acadar un acordo que será o resultado dos votos emitidos polos membros do Consello Provincial de Turismo. Dito acordo será adoptado por maioría simple, decidindo o voto de calidade da Presidencia en caso de empate. O resultado das deliberacións será recollido nunha acta.

4. En cada modalidade, o Consello poderá propoñer conceder anualmente un máximo tres premios, podendo entregarse como máximo seis premios ao ano.

5. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo será o órgano competente para a resolución da convocatoria dos premios e adoptará o acordo correspondente para a súa concesión previa proposta que será elevada pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo en base ao informe do Servizo de Turismo e o acordo do Consello Provincial de Turismo recollido na correspondente acta.

6. O acordo de concesión dos premios pola Xunta de Goberno será adoptado nun prazo máximo de un mes e medio a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación das candidaturas. Dito acordo seralles notificado ás persoas galardoadas no prazo de dez días a contar dende o día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Goberno e será publicado no Boletín Oficial da Provincia. Contra o dito acordo, que esgota a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos pertinentes de acordo coa lexislación vixente.

Sétima: Instrución do procedemento

A tramitación do procedemento de concesión dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” corresponderalle ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo, resultando de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitava: Causas de abstención

Ao persoal membro do Consello Provincial de Turismo seranlle de aplicación as causas de abstención reguladas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público para a deliberación e votación sobre as candidaturas aos premios provinciais obxecto destas bases. Igualmente, o persoal membro do Consello Provincial de Turismo deberá absterse de valorar e votar aquelas candidaturas presentadas polos propios colectivos que representan, no seu caso, ausentándose das sesións nas que se leven a cabo ditas votacións.

Novena: Requisitos das persoas candidatas

As persoas físicas ou xurídicas candidatas aos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” deberán cumprir cos seguintes requisitos que deberán acreditar mediante declaración responsable asinada pola persoa aspirante ou representante da entidade que corresponda nos casos nos que sexa pertinente ou aplicable.

- a. No caso de persoas físicas, ser maior de idade.
- b. Ter o seu domicilio na provincia de Lugo ou realizar ou ter realizado parte da súa actividade pola que se propón como aspirante en dito ámbito xeográfico.
- c. Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Deputación Provincial de Lugo.
- d. Estar ao corrente coas obrigas en materia de prevención de riscos laborais no caso de persoas xurídicas e co correspondente aboamento de salarios.
- e. Estar ao corrente coas obrigas impostas pola normativa en materia de subvencións, no seu caso.
- f. Non ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme en materia turística por parte de ningún organismo público por infraccións graves, no prazo dos cinco anos anteriores á candidatura, ou moi grave no prazo dos dez anos anteriores.
- g. Non ter sido condenado ou condenada por sentenza firme por ningún feito delituoso.
- h. Autorizar á Deputación de Lugo a difusión dos datos das persoas, empresas, colectivos, institucións ou outras entidades galardoadas por calquera medio e dos motivos polos que lles foron concedidos os premios.

De cumprir cos requisitos anteriormente expostos, será responsable en exclusiva a persoa candidata ou quen ostente a representación da institución, empresa, colectivo ou outra entidade en cuxo nome se presenta a candidatura.

A presentación de candidatura aos premios provinciais “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” implica a aceptación directa destas bases, así como do premio, no caso de resultar ganador ou ganadora.

As candidaturas que fosen galardoadas cos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” non poderán volver a presentar candidatura a eles na mesma modalidade ata transcorrido un prazo de tres anos dende a concesión do anterior premio. No caso de que, transcorrido o citado prazo, resultasen novamente galardoados ou galardoadas, os motivos nos que se fundamente a xustificación da súa candidatura non poderán coincidir cos motivos nos que se baseou a concesión do premio ou premios anteriores.

Os proxectos concretos nos que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolvéndose no marco dun plan vixente no momento da proposta ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior.

Igualmente, no caso de que o que se propoña como candidato á recepción do premio sexa un traballo de investigación, deberá ter como ámbito de estudo a provincia de Lugo e os datos e conclusións achegadas deberán ter vixencia no momento da proposta. No caso de que este traballo de investigación se desenvolva no contexto dunha titulación académica deberá ter sido cualificado como mínimo, cunha puntuación de sobresaínte, para o que se deberá achegar o certificado expedido pola entidade competente.

A Deputación de Lugo non se fai responsable do uso non autorizado por terceiros dos proxectos presentados e/ou premiados, en especial da súa copia, manipulación, redistribución ou calquera outra forma en contornas non desexadas ou enlaces ilícitos.

As persoas físicas ou xurídicas candidatas serán responsables dos datos incluídos nas propostas, en especial da súa veracidade, co compromiso de probar documentalmente todos os datos que figuran na inscrición, no suposto de que así se lles solicite.

Décima: Revogación

Os premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” poderán ser revogados, por proposta de calquera das persoas membros integrantes do Consello Provincial de Turismo cando se dea algunha das seguintes circunstancias nun galardoado ou galardoada:

1. Ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme pola Administración competente en materia turística pola comisión de faltas graves ou moi graves.
2. Ter sido condenado ou condenada en sentenza firme pola comisión dalgún feito delituoso.
3. Que se detecte o incumprimento dun ou varios requisitos establecidos para as persoas candidatas nestas bases.
4. Outras circunstancias debidamente motivadas que, a xuízo do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, se estimen suficientemente significativas para propoñer a revogación do premio.
5. A proposta de revogación dos premios requirirá a adopción dun acordo previo por maioría absoluta por parte do Consello Provincial de Turismo. Dito acordo, que se recollerá nunha acta, xunto co correspondente informe do Servizo de Turismo, servirán como motivación da proposta de revogación que, por parte da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo sexa elevada á Xunta de Goberno, órgano competente para a revogación dos premios.

Décimo primeira: Outra normativa aplicable

Os premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” rexeranse no non regulado expresamente nestas disposicións:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Polo Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, aprobado en sesión plenaria o 30 de xaneiro de 2018, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 102 de sábado, 5 de maio de 2018.
- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PARA OS PREMIOS "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE" E "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE"

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL
ACTIVIDADE	
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME	DNI

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA (Marque cun "X" a opción axeitada)
___ PREMIOS <i>LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE</i> .
___ PREMIOS <i>...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE</i> .

En relación á disposición décimo primeira das bases reguladoras dos premios onde se especifica o tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense, e "...E para comer...Lugo" á gastronomía lucense
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varias fins específicas.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/premios_lugo_cambia_e_para_comer_lugo

- SI** autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos premios *LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE* e aos premios *...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE*.

SOLICITA

PRESENTAR CANDIDATURA AOS PREMIOS “*LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE*” OU “*...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE*”.

(Sinatura dixital do/a representante legal da entidade ou persoa física)

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a

con DNI

En nome propio

En condición de representante da entidade

con NIF

DECLARO:

- 1.- Ser maior de idade (no caso de persoas físicas).
- 2.-Ter o domicilio na provincia de Lugo ou realizar ou ter realizado parte da actividade pola que se propón como persoa ou entidade candidata en dito ámbito xeográfico.
- 3.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Deputación de Lugo, se procede.
- 4.-Estar ao corrente coas obrigas legais en materia laboral, se procede.
- 5.-Estar ao corrente coas obrigas impostas pola normativa en materia de subvencións, se procede.
- 6.-Non ter sido sancionado/a con carácter firme en materia turística por parte de ningún organismo público por infraccións graves no prazo dos cinco anos anteriores á candidatura ou moi grave no prazo dos dez anos anteriores.
- 7.-Non ter sido condenado/a por sentenza firme por ningún feito delitivo.

AUTORIZO:

- 1.-Á Deputación de Lugo á difusión da identidade da persoa ou entidade candidata por calquer medio, así como os motivos polos que foron concedidos os premios ás persoas, empresas ou entidades gañadoras.

(Sinatura dixital do/a representante legal da entidade ou persoa física)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO III

MODELO DE MEMORIA OBRIGATORIA

As persoas ou entidades candidatas aos Premios “*Lugo Cambia ao turismo lucense*” e aos Premios “*...E para comer, Lugo á gastronomía lucense*” deben achegar na súa solicitude unha memoria executiva cuxa extensión non superará as **10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial, calibre 12, asinada electrónicamente**, na cal se exporán os méritos que concorran para a obtención do galardón.

O esquema da memoria axustarase á seguinte estrutura:

1. Introducción (máximo unha páxina).

Nesta parte, a persoa ou entidade candidata exporá, de forma breve, a súa motivación para concorrer á convocatoria dos Premios *Lugo Cambia ao turismo lucense* ou *...E para comer, Lugo á gastronomía lucense*.

2. Desenvolvemento.

Nesta parte, a persoa ou entidade candidata deberá desenvolver, do xeito máis detallado posible tendo en conta a extensión máxima da memoria, os argumentos e méritos polos cales considera que a súa candidatura é merecedora da obtención do galardón.

Deberase ter en conta que estes méritos teñen que adecuarse aos aspectos sinalados na disposición quinta das bases dos Premios *Lugo Cambia ao turismo lucense* e dos Premios *...E para comer, Lugo á gastronomía lucense*.

A maiores, as persoas ou entidades candidatas deberán achegar como anexo a seguinte documentación:

- a. DNI ou NIF da persoa física ou xurídica que opte aos premios.
- b. No caso de persoas xurídicas, a documentación que acredita a representación da mesma.
- c. O traballo de investigación completo e asinado, sempre e cando a súa candidatura esté baseada no mesmo, así como o certificado académico oficial de calificacións, se se trata dun traballo realizado no marco do plan de estudos dunha titulación académica.
- d. Outra documentación que a persoa ou entidade candidata considere necesario aportar para apoiar a súa candidatura.

Lugo, 03 de xullo de 2020.- O Presidente, José Tome Roca. A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1416

CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

Visto o anuncio publicado no **BOP número 217, do 20/09/2019**, sobre a **aprobación por Resolución da Alcaldía, de data 9 de setembro de 2019, das Bases Reguladoras de subvencións para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación de Vilanova de Lourenzá e zonas de respecto**, pola que os interesados podían presentar solicitude de axudas no prazo de dous meses a partir da publicación de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, que remataba o 20/11/2019, e unha vez asinada a addenda para a modificación do acordo da comisión bilateral, o 03/06/2020, pola que se amplía o número de actuacións concedidas en 3, aprobadas as mesmas bases RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA do 18/06/2020 coa modificación do crédito orzamentario detaiado a continuación:

A.R.I. do Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respecto	MINISTERIO DE FOMENTO	COMUNIDAD AUTÓNOMA
Crédito orzamentario inicial	69.504,58 €	25.327,47 €
Crédito orzamentario disposto anteriormente á firma da addenda	35.759,83 €	11.629,46 €
Crédito orzamentario dispoñible	33.744,75 €	13.698,01 €

ábrese un **NOVO PRAZO PARA QUE OS INTERESADOS POIDAN PRESENTAR SOLICITUDE DE AXUDAS NO PRAZO DE UN MES**, a partir da publicación de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dacordo ás "BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA A REXENERACION E RENOVACION URBANA NA AREA DE REHABILITACION INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021." publicadas no BOP número 217, do 20/09/2019.

Lourenzá, 18 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1356

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figura, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

-Grupo C2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de discapacitados/as). Denominación: oficial vixiante/a recador/a.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, o cal foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

-Grupo C, subgrupo C2, escala de Administración especial (quenda libre). Número de vacantes: 1. Denominación: Oficial Vixilante Recador/a

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 10/100 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL VIXILANTE/A RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2017) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2016)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial Vixilante/a Recadador/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2017) e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2016), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 10/100 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 04.03.2020, que seguidamente se transcriben:

"1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a dúas prazas de Oficial Vixilante/a Recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 1 en quenda de acceso libre ordinario e 1 en quenda libre reservada a persoas con discapacidade, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018.

As e os aspirantes para cubrir as prazas obxecto desta convocatoria só poderán participar nunha das quendas: quenda de acceso libre ordinario ou quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade. Se da instancia presentada non se deduce a súa opción, será excluída/o nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídas/os. Tras a publicación da lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, non se permitirá ningún cambio de quenda ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

Se algunha/algún aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza e a súa puntuación é superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso ordinario, será incluída/o pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Oficial Vixilante/a Recadador/a

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios.

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de OPOSICIÓN.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:** graduado escolar, graduado en ESO ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As persoas interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello. Todo o relativo aos dereitos de exame axustarase ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

